

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

13179 *Real decreto lei 13/2018, do 28 de setembro, polo que se modifica a Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, en materia de arrendamento de vehículos con condutor.*

O Real decreto lei 3/2018, do 20 de abril, modificou a Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, en materia de arrendamento de vehículos con condutor.

A dita reforma tiña por obxecto garantir o axeitado equilibrio entre a oferta de servizos nesa modalidade de transporte e a que representan os taxis, amparados nas correspondentes licenzas municipais e, se é o caso, autorizacións de transporte de viaxeiros en vehículos de turismo.

Nos meses transcorridos desde a entrada en vigor do Real decreto lei 3/2018, do 20 de abril, púxose de manifesto que as medidas que recollía non eran suficientes para atender os problemas de mobilidade, conxestión de tráfico e ambientais que o elevado incremento da oferta de transporte urbano en vehículos de turismo está a ocasionar nos principais núcleos urbanos do noso país. Igualmente, o rápido crecemento desta modalidade de transporte pode dar lugar a un desequilibrio entre oferta e demanda de transporte en vehículos de turismo que provoque unha deterioración xeral dos servizos, en prexuízo dos viaxeiros. Iso pon de manifesto a necesidade de que, progresivamente, as regulacións aplicables ao taxi e ao arrendamento con condutor vaian aproximándose na medida en que iso contribúa a un tratamento harmónico das dúas modalidades de transporte de viaxeiros en vehículos de turismo. Isto constitúe, por unha parte, a razón deste real decreto lei e, por outra, aconsellaría que, en paralelo, se avanzase na revisión daquelas normas aplicables ao sector do taxi que entrañan rixideces que dificulten a súa competitividade.

A problemática descrita circunscríbese exclusivamente a núcleos urbanos e non excede o territorio da comunidade autónoma correspondente. Por iso, a resposta a estes problemas é inaprazable e exige que o transporte exclusivamente urbano realizado na modalidade de arrendamento de vehículos con condutor, así como as condicións de prestación deste tipo de servizos no ámbito estritamente autonómico, poidan ser eficazmente abordados pola Administración que está en mellores condicións para valorar as circunstancias particulares de cada ámbito.

Para tal fin, modifícase o artigo 91 da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, determinando que a autorización de arrendamento de vehículos con condutor de ámbito nacional habilita, exclusivamente, para realizar servizos de carácter interurbano.

En coherencia con iso, permítese que sexan os órganos que teñen competencias en materia de transporte urbano os que, no exercicio destas, determinen as condicións nas que poderán ser autorizados e prestados os servizos de transporte de viaxeiros integramente desenvolvidos no seu ámbito territorial, incluídos os que se realizan na modalidade de arrendamento de vehículos con condutor.

Como complemento das medidas anteriores, e para responder á mesma problemática descrita, prescríbese ademais que, como regra xeral, a orixe da prestación de servizos se debe encontrar dentro da comunidade autónoma onde se encontra domiciliada a correspondente autorización. Esta medida obedece á vinculación que se establece entre a autorización de ámbito nacional e os réximes diversos de prestación deste tipo de servizos que poden establecer as comunidades autónomas en virtude da habilitación que se efectúa na disposición adicional primeira deste real decreto lei.

A solución dos problemas de mobilidade ou ambientais que se están presentando nos nosos principais núcleos urbanos exige precisar e definir as condicións de prestación do arrendamento de vehículos con condutor tendo en conta as circunstancias demográficas, a dotación de infraestruturas e a economía estacional que presentan aquelas cidades en que o crecemento da oferta de transporte en vehículos de turismo está a ter un maior impacto. Por iso, considérase que as comunidades autónomas son as administracións que, tendo en conta as concretas circunstancias do transporte e mobilidade no seu ámbito territorial, poden precisar de forma máis eficiente as condicións de prestación do servizo de arrendamento de vehículos con condutor. Para tal fin, habíltanse para concretar, desenvolver ou modificar, de forma temporal ou definitiva, determinados aspectos da regulamentación estatal para o dito servizo, cando o seu percorrido non exceda o seu propio territorio. Todo iso sen prexuízo das competencias municipais no ámbito da mobilidade urbana.

Para garantir o axeitado equilibrio entre a nova regulación e os dereitos existentes no momento da entrada en vigor deste real decreto lei, e como compensación polos prexuízos que a nova definición do ámbito territorial das autorizacións poida ocasionar aos titulares das outorgadas conforme a normativa anterior, concédeselles un prazo de catro anos durante o cal estes poderán continuar a prestar servizos no ámbito urbano. Con base nos datos e valoracións de que dispón a Administración, considérase que ese prazo debería ser suficiente para compensar tales prexuízos, ben que se admite, ademais, que, en determinados casos debidamente xustificadas, se poida ampliar o dito prazo. Para tal fin e para calcular en cada caso o período de recuperación do investimento, considerouse axeitado tomar como referencia a fórmula prevista no Real decreto 55/2017, do 3 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española.

Ademais de polas circunstancias expostas, a extraordinaria e urxente necesidade que habilita para adoptar as medidas incluídas neste real decreto lei xustifícase pola concentración que se vén producindo dos servizos de arrendamento de vehículos con condutor en ámbitos estritamente urbanos e metropolitanos, que non puido ser inicialmente prevista polas administracións competentes e que comeza a afectar, de xeito inmediato e significativo, a ordenación do transporte nos ditos ámbitos; moi especialmente, os que veñen prestando outros servizos, como o taxi, realizados tamén mediante vehículos de turismo. É patente a conflitividade social rexistrada nos últimos meses como consecuencia dos indicados desaxustes na oferta e demanda en vehículos de turismo, que pon de manifesto a exigencia crecente tanto da cidadanía, para que se fixe un marco estable que garanta o seu dereito a empregar estas formas de transporte en condicións óptimas, como das empresas de transporte, para desenvolveren a súa actividade en condicións equitativas que permitan a competencia efectiva. Para tal fin, a reforma facilita que servizos de transporte substancialmente iguais se desenvolvan nun marco regulatorio coherente.

Por iso, neste caso, o real decreto lei representa un instrumento constitucionalmente lícito, en canto que pertinente e axeitado para a consecución do fin que xustifica a lexislación de urxencia, que non é outro, tal como reiteradamente ten exixido o noso Tribunal Constitucional, que remediar unha situación concreta, dentro dos obxectivos gobernamentais, que por razóns difíciles de prever require unha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido pola vía normal ou polo procedemento de urxencia para a tramitación parlamentaria das leis.

Polo tanto, no conxunto e en cada unha das medidas que se adoptan concorren, pola súa natureza e finalidade, as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución española como presupostos habilitantes para a aprobación dun real decreto lei.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta do ministro de Fomento, logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de setembro de 2018,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres.*

O artigo 91 da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, queda modificado nos seguintes termos:

«Artigo 91.

1. As autorizacións de transporte público habilitarán para realizar servizos en todo o territorio nacional sen limitación ningunha por razón da orixe ou do destino do servizo.

Como excepción, as autorizacións de transporte de viaxeiros en vehículos de turismo e as de arrendamento de vehículos con condutor, que habilitarán exclusivamente para realizar transporte interurbano de viaxeiros. Para estes efectos, considerarase que un transporte é interurbano cando o seu percorrido supere o territorio dun único termo municipal ou zona de prestación conxunta de servizos de transporte público urbano así definida polo órgano competente para iso.

2. Os servizos de arrendamento de vehículos con condutor deberán iniciarse no territorio da comunidade autónoma en que se encuentre domiciliada a correspondente autorización. Para tal efecto, entenderase que a orixe ou o inicio do transporte se produce no lugar en que son recollidos os pasaxeiros de forma efectiva.

Establécense as seguintes excepcións a esa obriga de inicio na comunidade autónoma:

1.º Para os servizos de recollida de viaxeiros en portos e aeroportos que fosen previa e expresamente contratados, que poderán ser prestados ao abeiro de autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor domiciliadas en comunidades autónomas distintas a aquela en que se sitúa o porto ou aeroporto, sempre que o destino de tales servizos se encuentre no territorio da comunidade autónoma en que estea domiciliada a autorización.

2.º Para os casos en que as autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor domiciliadas nunha comunidade autónoma non abonden para atender un aumento conxuntural da demanda desta clase de servizos no seu territorio. Para tal efecto, o órgano competente en materia de transporte interurbano poderá establecer, logo de informe dos municipios afectados, un réxime específico que permita aos vehículos amparados en autorizacións de arrendamento con condutor domiciliadas noutras comunidades autónomas realizar temporalmente servizos con orixe en todo o seu territorio ou en determinados puntos deste.»

Disposición adicional primeira. *Habilitación ás comunidades autónomas.*

As comunidades autónomas que por delegación do Estado sexan competentes para outorgar autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor de ámbito nacional quedan habilitadas para modificar as condicións de explotación previstas no artigo 182.1 do Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, nos termos seguintes:

a) A modificación só poderá afectar os servizos cuxo itinerario se desenvolva integralmente no seu respectivo ámbito territorial e poderá referirse a condicións de precontratación, solicitude de servizos, captación de clientes, percorridos mínimos e máximos, servizos ou horarios obrigatorios e especificacións técnicas do vehículo.

b) A modificación deberá estar orientada a mellorar a xestión da mobilidade interior de viaxeiros ou a garantir o efectivo control das condicións de prestación dos servizos, respectando os criterios de proporcionalidade establecidos na normativa vixente.

Todo iso debe entenderse sen prexuízo das competencias que, de acordo coa normativa de cada comunidade autónoma, poidan corresponder ás entidades locais para o establecemento ou modificación efectiva desas condicións en relación cos servizos que discorren integramente dentro do seu ámbito territorial.

Disposición adicional segunda. *Cooperación no marco da Comisión de Directores Xerais de Transporte.*

De conformidade co que se dispón no artigo 11.2 da Lei 16/1987, do 30 de xuño, de ordenación dos transportes terrestres, crearase un subgrupo de traballo específico, dependente da Comisión de Directores Xerais de Transporte, para, ademais de abordar os aspectos establecidos na disposición adicional primeira do Real decreto lei 3/2018, do 20 de abril, compartir boas prácticas regulatorias e experiencias exitosas na busca de solucións que faciliten unha convivencia ordenada entre ambas as dúas formas de mobilidade e avanzar na mellora da experiencia do usuario en ambos os sectores. Neste subgrupo de traballo poderán participar, segundo establece a Comisión de Directores Xerais de Transporte do Estado e das Comunidades Autónomas, representantes dos sectores empresariais de transporte público de viaxeiros en vehículos de turismo e de arrendamento de vehículos con condutor, así como os concellos principalmente afectados pola cuestión.

Disposición adicional terceira. *Adecuación do réxime sancionador.*

1. No prazo de seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto lei, o Goberno presentará ás Cortes Xerais un proxecto de lei de modificación do réxime de infraccións e sancións contido na Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres.

Esa reforma deberá adecuar o réxime sancionador ás condicións de prestación dos servizos de arrendamento de vehículos con condutor establecidas neste real decreto lei e poderá incrementar as sancións previstas cando tales servizos se presten nun ámbito territorial distinto ao que corresponda ou incumprindo as limitacións relativas á prestación habitual do servizo no territorio en que estea domiciliada a autorización, á comunicación por vía electrónica dos datos relativos ao rexistro dos servizos ou á recollida de clientes que non contratasen previamente o servizo.

2. Para garantir o efectivo control das condicións de prestación dos servizos, a Dirección Xeral de Transporte Terrestre habilitará o acceso dos órganos competentes en materia de transporte das comunidades autónomas e daquelas entidades locais que así o soliciten ao Rexistro de Comunicacions dos Servizos de Arrendamento de Vehículos con Condutor regulado no artigo 2 do Real decreto 1076/2017, do 29 de decembro, polo que se establecen normas complementarias ao Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro, en relación coa explotación das autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor.

Disposición adicional cuarta. *Informe do Ministerio de Fomento.*

Con carácter anual, o Ministerio de Fomento presentará un informe á Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, en que se analicen os resultados da aplicación do disposto neste real decreto lei, no cal, en particular, detallará a evolución experimentada pola regulación da actividade de arrendamento de vehículos con condutor nos principais núcleos urbanos do país e os seus efectos na mobilidade cidadá.

Disposición transitoria única. *Autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor existentes no momento da entrada en vigor deste real decreto lei ou cuxas solicitudes estivesen pendentes de resolver.*

1. As autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor existentes no momento da entrada en vigor deste real decreto lei suxeitaranse, durante os catro anos seguintes a esa data, ao seguinte réxime:

a) Non obstante o disposto no artigo 91.1 da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, os seus titulares poderán continuar a prestar ao seu abeiro servizos de ámbito urbano.

b) Non obstante o disposto no artigo 91.2 da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, seguirán habilitando para realizar servizos sen limitación por razón da súa orixe, sempre que os vehículos que desenvolvan esa actividade sexan utilizados habitualmente para prestar servizos destinados a atender necesidades relacionadas co territorio da comunidade autónoma en que se encontre domiciliada a autorización.

Para tal fin, entenderase que un vehículo non foi utilizado habitualmente para os ditos servizos cando o vinte por cento ou máis dos servizos realizados con el dentro dun período de tres meses non discorra, nin sequera parcialmente, polo territorio da comunidade autónoma.

Para os efectos de control, cando os titulares de autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor comuniquen á Administración os datos relativos a cada servizo, deberán facer constar necesariamente os lugares de inicio e finalización deste. Cando o servizo se inicie e finalice nun mesmo lugar, indicarán, ademais, o punto do percorrido que se encontre máis afastado do dito lugar; todo iso conforme o artigo 2 do Real decreto 1076/2017, do 29 de decembro, polo que se establecen normas complementarias ao Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, aprobado por Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro, en relación coa explotación das autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor.

c) Os servizos de transporte prestados no ámbito urbano polos titulares das ditas autorizacións quedarán suxeitos a todas as determinacións e limitacións que estableza o órgano competente en materia de transporte urbano no exercicio das súas competencias sobre utilización do dominio público viario, xestión do tráfico urbano, protección do ambiente e prevención da contaminación atmosférica e, especialmente, en materia de estacionamento, horarios e calendarios de servizo ou restricións á circulación por razóns de contaminación atmosférica.

2. As habilitacións temporais establecidas no número anterior teñen, para todos os afectados, o carácter de indemnización por todos os conceptos relacionados coas modificacións introducidas neste real decreto lei e, en particular, pola nova delimitación do ámbito territorial das ditas autorizacións conforme o artigo 91 da LOTT.

Non obstante, se o titular dunha autorización estima que as ditas habilitacións non compensan o valor daquela, poderá solicitar unha indemnización complementaria nestas condicións:

a) O interesado deberá formular a súa solicitude ante a Dirección Xeral de Transporte Terrestre, necesariamente dentro dos tres meses desde a entrada en vigor deste real decreto lei, e xustificar nela que o período de recuperación do investimento realizado é superior a catro anos.

Deberá presentarse unha solicitude independente por cada autorización.

As solicitudes deberán incluír a documentación exixida no anexo deste real decreto lei.

b) As solicitudes tramitaraas e resolveraas a Dirección Xeral de Transporte Terrestre, cuxas resolucións neste procedemento poñerán fin á vía administrativa. O prazo máximo en que se debe notificar a resolución expresa será de seis meses. O vencemento do prazo máximo sen se notificar resolución expresa lexítima o interesado para entendela desestimada por silencio administrativo.

c) Cando non quede xustificado que o período de recuperación do investimento é superior a catro anos, desestimarase a solicitude, sen que en ningún caso poida reducirse o prazo legal de catro anos.

d) Cando se recoñeza a indemnización complementaria, farase en forma de ampliación da habilitación temporal polo número de anos que correspondan. Só excepcionalmente a ampliación poderá ser superior a dous anos, contados a partir da finalización do prazo de catro anos.

e) Para o cálculo do período de recuperación do investimento, aplicarase o disposto no artigo 10.2 do Real decreto 55/2017, do 3 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española, seguindo estes criterios:

1.º Os fluxos de caixa por actividades de investimento recollerán unicamente os gastos orixinados pola adquisición do vehículo e, se é o caso, da autorización.

2.º Non se terán en conta os gastos orixinados por estes conceptos:

i. Adquisición de autorizacións outorgadas ao seu actual titular pola Administración de transportes.

ii. Adquisición de autorizacións a título oneroso catro ou máis anos antes da entrada en vigor deste real decreto lei.

iii. Adquisición do vehículo adscrito á autorización cando o seu titular dispoña daquel en arrendamento, arrendamento financeiro ou *renting*.

iv. Adquisición do vehículo adscrito á autorización realizada catro ou máis anos antes da entrada en vigor deste real decreto lei.

3.º Cando o cálculo do período de recuperación do investimento supoña períodos de tempo inferiores a un ano, estes arredondaranse por exceso ao ano completo.

3. O disposto nos puntos anteriores rexerá igualmente para as autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor que se deban outorgar logo da entrada en vigor deste real decreto lei en virtude de solicitudes anteriores a esta data, incluídas as presentadas ao abeiro da Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

Para esas autorizacións, o prazo de catro anos establecido no número 1 e o de tres meses sinalado no número 2.a) contarase desde o día en que sexan outorgadas.

4. Transcorrido o prazo correspondente á indemnización complementaria, a autorización seguirá habilitando para realizar servizos de transporte interurbano de viaxeiros nas condicións establecidas na LOTT e nas normas ditadas para a súa execución e desenvolvemento.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o artigo 182.2 do Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.21.ª da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia sobre os transportes terrestres que transcorran polo territorio de máis dunha comunidade autónoma.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de setembro de 2018.

FELIPE R.

A presidenta do Goberno en funcións,
CARMEN CALVO POYATO

ANEXO

Contido que deberá incluír toda solicitude de indemnización complementaria formulada en aplicación do establecido na disposición transitoria única deste real decreto lei e documentación que se deberá achegar con ela

A) Os solicitantes deberán incluír, en todo caso, na súa solicitude os seguintes datos, ordenados como se indica:

1. Nome ou denominación social e número de identificación fiscal do solicitante.
2. Se é o caso, datos da persoa que actúa en representación do solicitante.
3. Número identificador da autorización da clase VTC en relación coa cal se formula a solicitude.
4. Matrícula do vehículo adscrito á autorización no momento de formular a solicitude.
5. Datos económicos de explotación, sen IVE, dos servizos prestados ao abeiro da autorización, desagregados do seguinte xeito:

5.1 Ingresos derivados da explotación da autorización no último exercicio fiscal pechado.

5.2 Cando resulte procedente, importe de adquisición da autorización.

5.3 Cando resulte procedente, importe de adquisición do vehículo adscrito á autorización.

5.4 Gastos necesarios orixinados pola explotación da autorización no último exercicio fiscal pechado, desagregados do seguinte xeito:

- 5.4.1 Amortización.
- 5.4.2 Financiamento.
- 5.4.3 Persoal.
- 5.4.4 Seguros.
- 5.4.5 Custos fiscais.
- 5.4.6 Combustibles.
- 5.4.7 Pneumáticos.
- 5.4.8 Reparacións e conservación.
- 5.4.9 Outros.

B) Os solicitantes deberán achegar coa súa solicitude a seguinte documentación:

1. Declaración responsable da veracidade dos datos relativos aos ingresos e gastos incluídos na solicitude.
2. Factura de adquisición da autorización, cando proceda.
3. Factura de adquisición do vehículo, cando proceda.